

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero. Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



---

## CONTIDO

---

AXENDA.....	4
FORMACIÓN.....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	5
CONVOCATORIAS .....	5
SUXESTIÓNS .....	7
RECURSOS.....	9
NOVAS DO DUVI.....	12
NOVAS.....	12
DATOS.....	12
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	14

# OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	25	26	27	28	29	30	1
40	2	3	4	5	6	7	8
41	9	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12 <small>Día do Pilar</small>	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>
42	16	17	18	19	20	21	22
43	23 / 30	24 / 31	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>	27	28	29

## AXENDA

---

### Presentación do III Informe do Observatorio Stop Machitroles da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-Uvigo [+Info](#)

26 de outubro, horario e lugar pendentos de confirmar.

As accións seguintes están desenvoltas no marco das [axudas para a organización de actividades docentes que promoven a perspectiva de xénero e as actividades que contribúen á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios](#), impulsadas pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

### Ciclo de conferencias «A fenda de xénero dixital: construíndo a internet e as relación sociais dende o empoderamento feminino»

10 de outubro, 12:00h. Alba Pato. “Visibilidade y Empoderamiento: Feminismo en la Fotografía de Producto y Diseño Web”

18 de outubro, 13:00h. Xiana Vidal. “Obradoiro de memes feministas”.

24 de outubro, 12:00h. Sabela Muñiz. “Deseño web dende unha ollada feminista”

15 de novembro, 13:00h. Teresa Piñeiro. “Disfuncións da comunicación dixital. Unha cuestión de xénero”

### Xornada Traballadoras especialmente vulnerables: discriminación múltiple e interseccional na Lei 15/2022

10 de outubro ás 16:00 h horas no Salón de graos do edificio Xurídico-Empresarial do Campus de Ourense

### Xornada: Emprendendo con perspectiva de xénero [+Info](#)

Con inscrición previa, terá lugar o 26 de outubro, de 9:00 a 15:00 h na Sala 1 do Edificio Miralles.

### Prácticas fotográficas feministas. Conferencia de Ánxela Caramés.

O 16 de outubro e 12.30 h a 14:00 h na Facultade de Belas Artes (aula sen confirmar no momento da publicación).

## FORMACIÓN

---



### Itinerario Formativo Virtual en Xénero [+Info](#)

Prazo de inscrición do 2 ao 15 de outubro, a través do perfil persoal en Bubela. O período para realizar os cursos desta nova edición serán do 16 de outubro ao 19 de novembro.

### Webinair Posmemorias femininas – Contextos e Voces

O 29 de setembro, ás 15:00 h (hora de Lisboa), organizado pola revista *Ex aequo*, da Asociación Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres – APEM. Xa está dispoñible o [enlace](#) para acceder á sesión.



**Experta/o en Violencia de Género e Igualdad [+Info](#)**

Título da Universidad de Huelva en modalidade híbrida. O período de preinscripción remata o 15 de outubro.

**Creación, paisaxe e xénero [+Info](#)**

Obradoiro de extensión universitaria no Campus de Pontevedra.

**Vidas No Domesticadas. Feminismo, Reproducción social y cuidados [+Info](#)**

Do 11 ao 22 de novembro, con sesións presenciais e en liña todos os mércores.

---

**CONGRESOS E SEMINARIOS**

---

**III Congreso de Periodismo Feminista Lucía Martínez Odriozola [+Info](#)**

Terá lugar o 18 e o 19 de outubro en Bilbao. Con [inscripción](#) previa.

**Congreso internacional Igualdad, ciencia y tecnología; por un cambio de paradigma [+Info](#)**

Organizado por Emakunde-Instituto Vasco de la Mujer os días 23 e 24 de outubro no Palacio Miramar de Donostia.

**II Conferencia para acabar con las violencias de género en la academia [+Info](#)**

O 23 e 24 de outubro en Bilbao terá lugar este encontro organizado polo Ministerio de Universidades con motivo de la presidencia española do Consello da Unión Europea, coa colaboración do proxecto UNISAFE. O proceso de inscrición publicarase no mes de setembro.

**I Encontro Internacional de Mulleres Indíxenas: Repensando a Igualdade desde a Sororidade e o Ben Común [+Info](#)**

8, 9 e 10 de novembro no Salón de Actos da Facultad de Psicología da Universidad de Sevilla

**International congress on Gender perspective and feminisms [+Info](#)**

Organizado pola cátedra de Perspectiva de Género y Feminismos da Ciudad de Cornellá, terá lugar o 11 e 12 de decembro. Custo de inscrición reducido para estudantes, predocs, persoas en desemprego ou retiradas.

---

**CONVOCATORIAS**

---

**Cara a un estudo crítico dos límites nas organizacións e arredores [+Info](#)**

O prazo para presentar propostas está aberto ata o 30 de setembro.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e da IV Edición do Concurso de Vídeo Generosidad 'Yo decido' [+Info](#)**

Haberá tres premios para cada unha das categorías de fotografía e vídeo que estarán dotados economicamente. Ademais, o xurado poderá realizar mencións especiais para outras obras que considere de especial interese. O prazo de presentación remata o 30 de setembro.

**Número especial da revista Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios? [+Info](#)**

Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

**Premio de Investigación Feminista Generosidad [+Info](#)**

Recoñecemento de 3 000 euros para investigacións científicas no ámbito das ciencias sociais e humanas, así como estudos multidisciplinares que fagan unha aportación meritoria á igualdade das mulleres por razón de xénero, discapacidade e dereitos humanos. Presentación ata o 30 de setembro.

**V Edición do Seminario Internacional de Investigadorxs Feministas na UCM. Novembro Feminista [+Info](#)**

Pódense enviar propostas ata o 30 de setembro.

**I Encontro Internacional de Mulleres Indíxenas: Repensando a Igualdade desde a Sororidade e o Ben Común [+Info](#)**

Prazo de presentación de comunicacións ata o 5 de outubro.

**VII Premio Francisca de Pedraza contra a Violencia de Xénero [+Info](#)**

Está aberto o prazo para presentar traballos ata o 13 de outubro.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres [+Info](#)**

O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

**International congress on Gender perspective and feminisms [+Info](#)**

Prazo aberto para presentar resumo da proposta, en catalán, espanyol ou inglés, ata o 1 de outubro.

**Bolsas Santander Estudos/Equality [+Info](#)**

Axudas ao estudo de dous anos para mulleres cun bo expediente académico que queren realizar estudos universitarios nalgũa das universidades adheridas á CRUE. O prazo remata o 5 de outubro.

**Music Tech Europe Academy [+Info](#)**

Aberto o prazo de solicitudes ata o 12 de outubro para proxectos de innovación no campo da música e a tecnoloxía.

**2º Concurso de microrrelato Contos para a Escola de Minas e Enerxía Contos\_EME\_2023 [+Info](#)**

Poderán presentarse relatos curtos orixinais cun mínimo de 200 e un máximo de 300 palabras, en galego ou castelán. Hai dúas categorías con dotación económica: Bacharelato ou ciclo superior de FP e grao ou máster da Universidade de Vigo. Ten que empezar coa frase sinalada nas bases: «Ela estudou na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo, e cando nos contou que agora traballa en...» ou «Ella estudou en la Escuela de Ingeniería de Minas y Energía en Vigo, y cuando nos contó que ahora trabaja en...».

## 4ª Edición dos Premios Fundación Real Academia de Ciencias ao Novo Talento Científico Feminino 2023 [+Info](#)

A convocatoria ten catro categorías: matemáticas, físicas e química, bioloxía e xeoloxía e aplicacións da ciencia á tecnoloxía, todas con dotación económica. O prazo de presentación está aberto ata o 31 de outubro.

## VIII Congreso Economía Feminista [+Info](#)

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

## VI edición Congreso Ciencia, feminismo e masculinidades [+Info](#)


Presentación de comunicacións ata o 18 de decembro. O encontro desenvolverase en formato híbrido o 1 e 2 de marzo de 2024.

## SUXESTIÓNS

En 2011 acordouse o [Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica](#) –máis coñecido como Convenio de Istambul- que poñía no centro da definición da violencia sexual a figura do consentimento.

A partir de aquí, son incontables as veces que esta cuestión se ten convertido no foco do debate social e político e que aparece como elemento definitorio para entender situacións de violencia contra as mulleres. Como ten sucedido nas últimas semanas para comprender que o que vimos na celebración da vitoria da selección feminina de fútbol non foi «un piquito».

Se estendemos a mirada ao [ámbito dixital](#), que tanto tempo ocupa nas nosas vidas, vemos como en poucos anos a misoxinia está ocupando o espazo online e parece que asistimos a unha multiplicación das formas de violencia sexual facilitadas pola tecnoloxía.



Imaxe do apartado sobre deepfake do informe [The State of Deepfakes: Landscape, Threats, and Impact](#), que fixeron Henry Ajder, Giorgio Patrini, Francesco Cavalli, e Laurence Cullen, en 2019, para Deeptrace.

Nun mundo desigual como é o noso, coa chegada da IA e o acceso sinxelo de case calquera persoa ao manexo destas aplicacións e a sistemas de distribución masiva e cifrada, xurde un novo tipo de actos que, unha vez máis, afecta as vidas das mulleres e da infancia: a **pornografía sintética non consentida** ou **deepfake**, que supón un 96 % das producións hiperrealistas feitas a través de intelixencia artificial

Este tipo de actos ten unhas características distintivas xa que non precisa de participación nin coñecemento das vítimas. É posible crear contidos a través de calquera imaxe, como as que a diario se comparten nas redes sociais.

Segundo datos do Instituto Nacional de Ciberseguridade ([INCIBE](#)) 1 de cada 3 incidentes de ciberseguridade no noso país son unha filtración de datos sensibles, protexidos ou confidenciais, roubados. Aquí entrarían tanto a difusión de contidos íntimos sen consentimento como a creación e distribución de pornografía sintética non consentida.

Ante un caso de difusión de contidos íntimos ou sexualizados, o primeiro é **certificar legalmente a existencia dese contido**. Non é suficiente como proba un arquivo que poidamos obter a través dos nosos dispositivos.

As [testemuñas en liña](#), como [eGarante](#), permiten certificar gratuitamente o contido dunha web concreta nun momento determinado, ou o envío dun correo electrónico ou unha mensaxe a unha persoa específica. Estas ferramentas utilizan de firmas dixitais para acreditar de maneira inequívoca unha proba. Desta forma, calquera clase de proba tomada permitirá acreditar a súa integridade, ao contrario do que sucede coas capturas de pantalla ou calquera outro método similar no que non intervén unha entidade de confianza, e que non permiten demostrar a súa autenticidade, xa que puideron ser manipuladas.



Ilustración do [fanzine](#) sobre consentimento do Instituto de Canarias

Paralelamente á denuncia, se a imaxe ou o contido audiovisual está aloxado nalgúnha páxina podemos **pedir ao buscador que retire ese contido**. O que se recomenda é contactar coa plataforma ou coa páxina e solicitalo. A maioría de redes sociais dispoñen de recursos propios como [Take it Down](#), de Meta ou a [sección de axuda](#) de Instagram.

Se fose necesario, como en casos que atenten contra menores, o INCIBE dispón dunha [canle](#) para reportalo ou pódese denunciar a través da [canle prioritaria](#) da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información, o INCIBE dispón dun teléfono gratuito, o 017, activo os 365 días de 8 a 23:00 h con apoio técnico, psicosocial e legal. Ou a través de WhatsApp (900116117), Telegram (@INCIBE017) e por [correo electrónico](#).

Os beneficio dos avances tecnolóxicos teñen sido [moitos](#) e de seguro conseguirán achegándonos ferramentas e posibilidades que nin imaxinamos, mais necesitamos ter información para poder reflexionar criticamente sobre as súas achegas, e dotarnos de ferramentas contra os malos usos.

Se tes interese neste tema podés consultar **outros recursos**:

[Securing Artificial Intelligence \(SAI\); Automated Manipulation of Multimedia Identity Representations](#) (EN) Informe do Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións asinado por 900 entidades de toda Europa.

[Generación XXX](#) Unha campaña co apoio do Parlamento Europeo con recursos para as familias e centros educativos.



---

## RECURSOS

---

### Os muros faloron cando ninguén máis o faría: notas autoetnográficas sobre o control do poder sexual dentro da academia de vangarda (EN) [+Info](#)

O libro *Sexual Misconduct in Academia: Informing an Ethics of Care in the University* (2023) foi retirado temporalmente pola editorial Routledge - Taylor & Francis Group polas presións ante a denuncia que se facía neste capítulo dos comportamentos inapropiados dun docente estrela nun centro de investigación, a pesar de que non indicaba nin quen era o profesor nin o centro. Agora, un grupo de académicas ten aberta unha [campaña](#) para recoller posicionamentos fronte a estas prácticas de poder académicas e editoriais.

### Conexións entre a violencia familiar e a violencia na esfera pública en Afganistán (EN) [+Info](#)

### O impacto da educación e a dixitalización na participación feminina na forza de traballo nos BRICS (Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica): unha panel avanzado de análise de datos (EN) [+Info](#)

### Violencia de xénero inducida pola covid: revisión de alcance de África entre 2020 e 2022 (EN) [+Info](#)

### Monografías Feministas Cuidados Núm. 2 Setembro de 2023 [+Info](#)

Revista semestral do Instituto de las Mujeres.

### Diferenzas de xénero nos envíos de subvencións nos campos da Ciencia e da Enxeñaría na NSF (National Science Foundation) (EN) [+Info](#)

### Informe Prostitución e Trata 2022 (ES) [+Info](#)

### Formación en igualdade de xénero en ciencia 2023 [+Info](#)

A Comisión Mujer y Ciencia da Sociedad Española de Astronomía (SEA) fai públicos os vídeos das primeiras sesións do curso que organizan.

### *Dorothea Vila* (2020) [+Info](#)

Guión e dirección de Alejandro Gándara e Olaia Tubío. Subtítulos dispoñibles en galego, español, inglés e portugués.

Sinopse: A musicóloga suíza Dorothea Schubarth chegou a Galicia a finais dos 70 na procura dos cantos antigos que desapareceran no centro de Europa. Desta busca saíron as 300 horas de gravacións que forman o Cancioneiro Popular Galego, a maior compilación de músicas tradicionais do país. Corenta anos despois, dúas mozas inician unha viaxe tralos pasos de Schubarth para atopar as voces que ela recolleu e descubrir as súas historias de vida.

Tras o falecemento de Dorothea Schubarth o 6 de setembro de 2023, o equipo do filme decidiu poñelo en aberto para facelo accesible, seguindo os desexos da musicóloga.

**A industria dixital, os novos proxenetas do cibersexo (ES) [+Info](#)**

**Progresos nos ODS: a instantánea de xénero 2023 (EN) [+Info](#)**

**Atlánticas. Revista internacional de estudos feministas. Volume 8, número 2 (2023) Xestación comercial: unha nova plusvalía xenérica (ES) [+Info](#)**

**Dez regras simples para unha academia amigable coa maternidade (EN) [+Info](#)**

**Comprender a violencia económica contra as mulleres: a necesidade de definicións e datos harmonizados na UE (EN) [+Info](#)**

**Woman's Art Journal, Primavera/Verán 2023 Vol 44 #1 (EN) [+Info](#)**

**Como séculos de sexismo excluiron ás mulleres da ciencia e como restablecer o equilibrio (EN) [+Info](#)**

**A anonimización dual produce resultados prometedores para reducir os nesgos de xénero: un experimento de campo naturalista de aplicacións para o tempo do telescopio espacial Hubble [+Info](#)**

Un artigo de Stefanie K. Johnson e Jessica F. Kirk amosa como a anonimización da información, como o sexo, de quen solicita subvencións reduce os nesgos de xénero, especialmente nos revisores masculinos, que tenden a valorar as mulleres solicitantes significativamente peor que os homes.

**Mellorar a recompilación e o uso de datos administrativos sobre violencia contra as mulleres. Directrices técnicas globais (ES/EN) [+Info](#)**

**Real decreto 669/2023, de 18 de xullo, polo que se regula o Distintivo de Igualdad de Xénero en I+D+I [+Info](#)**

**Real decreto polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso aos ditos corpos [+Info](#)**

**Equidade para as mulleres na ciencia. Desmantelando as barreiras sistémicas ao avance (EN) [+Info](#)**

Este traballo de Cassidy R. Sugimoto e Vincent Larivière é a primeira análise empírica a gran escala da fenda de xénero na ciencia, que mostra como a estrutura do traballo científico e as recompensas -publicacións, citas, financiamento- dificultan sistematicamente o avance profesional das mulleres. [Aquí](#) podes ler unha reseña do libro.

**Informe con recomendacións á Comisión sobre a definición da violencia de xénero como novo ámbito delitivo recollido no artigo 83.1 do Tratado de Fundación da Unión Europea [+Info](#)**

**Barreiras e asistencia para mulleres líderes na academia no ámbito CTEM nos Estados Unidos (EN) [+Info](#)**

Non só para os rapaces Por que necesitamos máis mulleres na ciencia (EN) [+Info](#)

Informe de políticas sobre a economía violeta/Cuidados + (EN) [+Info](#)

Visibilidade e recoñecemento das científicas estadounidenses [+Info](#)

Estudo multipais da ONU sobre os homes e a violencia: Estudo multipais das Nacións Unidas sobre os homes e a violencia en Asia e o Pacífico. Conxunto de datos [+Info](#)

Mulleres na política: 2023 [+Info](#)

Mapa da Unión Interparlamentaria (UIP) e ONU Mujeres que presenta os datos sobre mulleres en postos executivos e parlamentos nacionais a 1 de xaneiro de 2023.

Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Maryam Mirzakhani e Ixchel D. Gutiérrez [+Info](#)

Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudiantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

Informes Mujeres Investigadoras da Comisión de Mujeres y Ciencia del CSIC [+Info](#)

Índice de Normas Sociales de Género. Informe do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) (EN) [+Info](#)

As mulleres no liderado enfróntanse ao edadismo en todas as idades( EN) [+Info](#)

Amplificación das desigualdades: percepción de xénero sobre a flexibilidade laboral e a división do traballo doméstico durante a pandemia de COVID-19 (EN) [+Info](#)

Documental Manipulación: Sexo, cámara, poder (Nina Menkes, 2022)

Impacto do COVID-19 na igualdade de xénero na investigación e innovación (EN) [+Info](#)

Violencia institucional contra las madres y la infancia. Aplicación del falso síndrome de alienación parental en España [+Info](#)

Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos [+Info](#)

Abordar a igualdade de xénero na investigación e a innovación (EN) [+Info](#)

Os científicos con varias subvencións dos NIH (Institutos Nacionais de saúde) son na súa maioría homes e brancos (EN) [+Info](#)

---

## NOVAS DO DUVI

---

O CINBIO estrea un Punto Violeta con información de interese relacionada coa igualdade [+Info](#)

Académicos, xuristas e axentes sociais analizan o impacto da Lei integral para a igualdade de trato e a non discriminación [+Info](#)

A Unidade de Igualdade pon en marcha unha nova edición do Itinerario Formativo Virtual en Xénero [+Info](#)

Filoloxía e Tradución arranca o curso cunha conversa con M<sup>a</sup> Xosé Porteiro e dúas xornadas sobre feminismo e igualdade [+Info](#)

O campus e a asociación Mirada Mulleres +60 exploran vías de colaboración [+Info](#)

Un ciclo de conferencias pon o foco na fenda de xénero existente na comunicación dixital [+Info](#)

Últimas semanas para presentar candidaturas aos premios GirlGeekPower [+Info](#)

Educación e Traballo Social concéntrase «pola educación a prol dos valores sociais de igualdade, respecto e tolerancia» [+Info](#)

---

## NOVAS

---

Las desigualdades de género empeoran el acceso de las mujeres a la prevención, detección y atención del cáncer (ES) [+Info](#)

Por cesárea e con acompañante: nace a primeira bebé tras a revolución das nais en Santiago (GAL) [+Info](#)

As mulleres bi sofren máis violencia sexual (ES) [+Info](#)

En defensa de perder o tempo na perruquería (ES) [+Info](#)

Decenas de menores de Extremadura denuncian que circulan fotos de falsos espidos seus creadas por intelixencia artificial (ES) [+Info](#)

A alumna da Uvigo que triunfou na Fashion Week (ES) [+Info](#)

O TSXG alerta de que chega ao xulgado unha «pequena parte» da violencia de xénero [+Info](#)

A Eurocámara insta aos Vinte e sete a sancionar aos clientes da prostitución (ES) [+Info](#)

Unha lección de troles boicotea as reseñas de MeToca, a aplicación de Igualdade (ES) [+Info](#)

Unha investigación abre a porta á detección precoz do cancro de mama a través do leite materno (ES) [+Info](#)

O 85 % das mulleres son síntomas de menopausia non recibe unha terapia eficaz (ES) [+Info](#)

O galego David Rubín renuncia a uns premios de cómic ao non haber mulleres nominadas (ES) [+Info](#)

A Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW) apoia a suspensión do presidente da federación de fútbol de España, Luís Rubiales, do seu cargo por parte da FIFA e apoia unha investigación xudicial da súa mala conduta (ES) [+Info](#) A ONU pide a España abordar o sexismo no deporte (ES) [+Info](#)

As científicas teñen menos probabilidades que os homes de enviar artigos a revistas de alto impacto (EN) [+Info](#)

Máis traballo non remunerado — o custo oculto para as nais da vida en liña das súas criaturas (EN) [+Info](#)

Francia leva a xuízo ao negocio do porno por brutais violacións en grupo a mozas sen recursos (ES) [+Info](#)

Clítoris invisibles: a ocultación histórica dun órgano que desafia ao patriarcado (ES) [+Info](#)

O discurso de Rubiales foi bochornoso e vergoñoso. Foi entón cando dixemos: «Acabouse» (EN) [+Info](#)

## DATOS

---

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.



**Científicas en Cifras 2023** [+Info](#)**Boletín Estadístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero** [+Info](#)**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** [+Info](#)**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN)** [+Info](#)**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** [+Info](#)**Institucións sociais e índice de xénero (EN)** [+Info](#)**FERRAMENTAS DE IGUALDADE****Recursos contra as violencias machistas da UVigo** [+Info](#)Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo  
En [Ourense](#) e [Vigo](#).**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí, 3º andar  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de violencia de xénero (ES)** [+Info](#)**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** [+Info](#)**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** [+Info](#)**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#)

Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2023](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2023](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)